

GRAN ENCICLOPEDIA
GALEGA
SILVERIO CANADA



EDITA

EL PROGRESO - DIARIO DE PONTEVEDRA

DIRECCIÓN

Benzamín Casal Vila

CONSELLO EDITORIAL

Miguel A. Araújo Iglesias
X. Ramón Barreiro Fernández
Senén Barro Ameneiro
X. Manuel Beiras Torrado
Antonio Bonet Correa
Isaac Díaz Pardo
Domingo Docampo
Antonio Eiras Roel
Andrés Fernández-Albalat Lois
Francisco Fernández del Riego
José García Oro
Fernando González Laxe
Xaime Isla Couto
Manuel Lucas Álvarez
J. Luis Meldán Gil
Carlos Pajares Vales
Luz Pozo Garza
F. Javier Río Barja
Manuel Sánchez Salorio
Andrés Torres Queiruga
Dario Villanueva Prieto
Ramón Villares Paz
Alfonso Zulueta de Haz

COORDINACIÓN EDITORIAL

Juan Soto Gutiérrez

REDACCIÓN

Maria Teresa Lastra Magadán • Rocío Corral Ladra • María Paz Ferreiro • Esmeralda López Castro •
Verónica Rodríguez Gavín • Alexandra Cabaleiro Carro • Marta González Louzao •
Mónica Fernández Fernández • Alicia Muñin Muñin • Natalia Regueiro • Mónica López Souto •
Maite Mosquera Noia • Natalia Mirón Domínguez • Cruz Buján Varela

FOTOGRAFÍA

Aida S. Castro • Miguel Blanco • Gonzalo Salgado • Agedime, SL (Editorial Mediterráneo) •
Arquivo El Progreso • Arquivo Diario de Pontevedra • Arquivo Xurxo Lobato • Arquivo Ebeling (AE) •
Col. Jaime Paz Bernardo • Arquivo Carlos Spottorno

MAQUETACIÓN E DISEÑO

Aida Soengas Castro • Guillermo Díaz del Río Lago

DEBUXOS

Virxilio Fernández

INFOGRAFÍA

Eugenio Carré

CONSELLO CONSULTIVO

Fernando Acuña Castroviejo
Xesús Alonso Montero
X. Luís Barreiro Rivas
Alfredo Conde Cid
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
José Antonio Durán
Víctor F. Freixanes
Manuel María Fernández Teixeiro
Luciano García Alén
Carlos García Martínez
Clodio González Pérez
X. Manuel González Reboredo
Antonio Grandío Dípico
Basilio Losada
X. Luís Méndez Ferrín
Alfonso Paz Andrade
César Portela Fernández-Jardón
Xaime Quessada
Manuel Rivas
Claudio Rodríguez Fer
Guillermo Rojo
Antón Santamarina

CONSELLO ASESOR

Xavier Alcalá
Álvaro de Arce Temes
Felipe Arias Vilas
Lois Caeiro
Francisco Campos Freire
X. Antón Castro Fernández
Xosé Chao Rego
Perfecto Conde Muruais
Xosé de Cora Paradela
Antón Galocha López
Salvador García Bodaño
Uxío Labarta
Ramón Máz Suárez
Xosé Neira Vilas
Eugenio Otero Urtaza
Augusto Pérez Alberti
Antonio Rigueiro Rodríguez
Euloxio R. Ruibal
Víctor Manuel Santidrián Arias
Felipe Senén López
Roberto Verino
Tofili Vicente

cia, é *Estudio de epidemiología psiquiátrica en la comunidad gallega*, que realizou en colaboración con outros especialistas.

Nos últimos anos dirixiu tamén o curso de posgrao Magíster en Drogodependencias da USC.

En 2003 a Asociación Galega de Saúde Mental, da que foi cofundador, editou un volume que recolle 37 textos seus que foran difundidos en publicacións internacionais.

En decembro do ano 2000 ingresou na Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia cun discurso titulado "Psiquiatría y literatura: autopsia psíquica de Pascual Duarte".

RODRÍGUEZ LÓPEZ, José. Empresario nado en Mariz, no concello lucense de Chantada, en 1910.

O proceso de ruina no que entrhou, nos anos 50, a empresa láctea Arxeriz, situada en Robra (Outeiro de Rei) e propiedade dun tío seu, levou a José Rodríguez a mercarla nos anos 70. Dende entón, e ata que esta entidade volvera a cambiar de mans en 1985, dentro da mesma familia, a recuperación foi posible grazas ós criterios de innovación aplicados polo industrial chantadino, obstinado en acada-la máxima producción.

Non obstante, a rehabilitación de Arxeriz foi só o comezo dunha serie de actuacións que levou a cabo ata o seu pasamento, ocorrido en Lugo, en abril de 2004, e entre as que tivo unha especial relevancia a fundación da madeireira Tablicia, situada en Nadea (Lugo) e da que era presidente de honra. A isto hai que engadirlle outras accións de tipo social, como a doazón de terrenos para a construción dunha escola en Robra, a creación dunha residencia de ancianos en Chantada e a execu-

ción de distintos proxectos agroalimentarios levados a cabo noutras localidades lúxenses. Nos anos 70 tamén tratara de impulsar a implantación dunha empresa de celulosa en Fazouro (Foz), mais, por diversas circunstancias, esta non chegou a cristalizar.

Tamén formou parte do primeiro consello de administración da antiga Caja de Ahorros Provincial de Lugo e da Cámara de Comercio da mesma cidade.



José Ángel Rodríguez López, Gogue.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, José Ángel. Debutante e caricaturista nado no Grove (Pontevedra) o 21 de xaneiro de 1953 e máis coñecido como Gogue. É o creador de Floreano, Monchita, Epifanio e Cachinha, personaxes que foron saíndo publicados a diario, dende 1989, en *Faro de Vigo*, xornal no que colabora na actualidade. Internacionalmente, deuse a coñecer coas súas caricaturas de persoas reais (do mundo da política, do cine, do deporte...) ou ficticios, como é o caso do de Carlotta Cohen, que sai cada mes en *New York Moves Magazine* de Nova York. Tamén realizou, entre outros traballos de prestixio, a cabecera do semanario *The Bush Blade*, editado en Anchorage (Alasca); o logotipo do Festival de Curtametraxes de Hollywood e caricaturas e animacións para a presentación de varios filmes americanos, entre eles *Terminator 3* (2004). En 2003 foi invitado pola produtora Paramount Pictures a participar na promoción do vixésimo quinto aniversario de *El padrino*.

Gogue é membro de varias asociacións internacionais de caricaturistas e recibiu varios premios que avalan a calidade dos seus traballos, que xa foron expostos tanto dentro como fóra de Galicia (Vigo, Ourense, Portugal, Alacante, Sevilla, Washington, Minnesota...). Tamén foi colaborador, entre outros medios, de *Babel Magazine* (Pensilvania), *Earth Times*

(Nova York), *Diario 16* ou *El Correo Gallego*.

Os seus traballos foron recollidos en libros como *Personajes vigueses* (1981), *Cen tolos na ría* (1993) ou *Florencio* (1994).

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel Oreste. Poeta, cronista e tradutor nado en Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se asentou definitivamente en Lugo. Nesta cidade viviu ata o seu pasamento acaecido o 13 de febreiro de 1990.

Cursou primeiro os estudos de Humanidades e Filosofía no seminario diocesano de Barcelona e, posteriormente, de Contabilidade e Lexislación Laboral, unha formación que aplicou no seu traballo como xefe do departamento de persoal dunha empresa de siderometaluria. Paralelamente, desenvolveu un importante labor como escritor e xornalista, que comezou na emigración (como cronista oficial do Centro Galego de Barcelona e correspondente de *Faro de Vigo* e *El Ideal Gallego* na capital catalá) e que proseguíu despois, xa en Lugo. Foi un colaborador asiduo de xornais e revistas de Galicia (*El Progreso*, *La Voz de Galicia*, *Praza Maior...*) Cataluña e A Arxentina e tamén das emisoras de Radio Nacional de España na Coruña e de Radio Popular en Lugo.

Da súa bibliografía hai que destacar, entre outras moitas obras individuais e colectivas, as de poesía, como *Saudade no bulleiro* (1970), *Soldada mínima* (1979) e *Onte e hoxe vincial* (1995), ou as de prosa, como *Reencontro coa aldea* (1983), *Galegos en Cataluña 1978-1982* [1985], *Viaxes con Ánxel Fole* (1988) ou *Volta a España a pé* (1990), tradución ó galego do libro de Manolo



O empresario José Rodríguez López.



O poeta Manuel Rodríguez López.

Silva. Tamén escribiu a peza teatral *Vivimos unha longa traxedia*, coa que acadou o Premio Nós de Barcelona en 1980. A este galardón hai que engadirille, entre outros, o Meigas e Trasgos, que conseguiu en catro ocasións, dous na categoría de poesía (1976 e 1980) e outras dous grazas ós contos "A meiguillameiga e os trasgos" (1977) e "Quen me dera atoparme o trasgo" (1986).

Dende 1995 o Concello de Paradela organiza un certame literario que leva o seu nome.

RODRÍGUEZ LÓPEZ. Xesús. Nace en Lugo o 28 de xullo de 1859 e falece, no mesmo lugar, o 24 de marzo de 1917. Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela en 1881 e exerce a profesión na súa cidade natal, cunha constante preocupación por destinar unha serie de prexuzos das xentes más sinxelas e facerlle entender ó enfermo diferentes conceptos sobre os verdaeiros medios que se deben seguir para curar, cando isto é posible. Para darles validez ás súas ideas, escribe *Las preocupaciones en medicina. Conocimientos útiles a la familia. Reglas para conservar la salud, para no dejarse engañar por los curanderos y para conocer a los médicos* (Lugo, 1896).

Rodríguez López cultiva, ademais, distintos xéneros literarios. Así, primeiro en Lugo (1890) e despois en Madrid (1915), publica *Cousas das mulleres*, un poema que consta de 27 capítulos e de 1 epílogo e que, segundo Carballo Calero, *mai que outra cosa é unha novela en verso*.

Sobre a súa obra narrativa *A cruz de salgueiro*, aparecida en *Revista Galicia* e posteriormente en volume, na que se deixá ver un gran número de personaxes de distintas clases sociais, Carballo Calero sinala que *calquera que fosen as intencions do autor, "A cruz de Salgueiro"*

resultou unha novela "novelesca" [...]. Ten, desde logo, algo de novela de costumes, pero tanto ou mais de costumes madrileños da clase media que de costumes galegos campesiños.

Paseiteiras (Madrid, 1898) é unha colección de poesías que se fora publicando separadamente e que réxine nun libro *mai bien para que no se pierdan que por otro género de consideraciones*. A propósito da lingua di *el lenguaje que empleo es el que me enseñó mi madre y el recogido entre los campesinos. Así es como yo entiendo que debe hablarse y escribirse en gallego*. Dedica a obra a Lugo e indica que lle gustaría ofrecerla a Galicia, por coxe florecemento e cultura sente, segundo palabras propias, un entusiasmo tan grande como o do maior rexionalista. A través das dedicatorias de moitos poemas descobrese unha lista de amigos do autor: Enrique Labarta Pose, José Pérez Ballesteros, Eugenio Carré Aldao, Xoán Montes e o seu parente Manuel Castro López. As súas composicións retratan costumes con fidelidade, como se pode observar en "A malla", premiada nun certame literario que ten lugar en Lugo no ano 1894, en "O liño", que fai referencia ós diálogos do baile, e na que máis popularidade alcanzou, "O bico", que se cantarrou durante bastantes anos en Galicia cos compases de muñeira pautados por Xoán Montes.

É autor, ademais, de *Gallegadus* e da comedia *O chufón*, personaxe existente nalgúns lugares de Galicia para tratar do posible matrimonio dun mozo a quem se lle busca nova, sinalando as boas condicíons e as grandes vantaxes que resultarian de semellante unión. Sobre esta figura escribirá o sacerdote lucense López Castiñeiras un ensayo dramático en gallego que sirvió de base a la comedia de costumbres "O chufón" (Coacero Freijomil). Ante a disputa sostida sobre a orixinalidade da súa obra, Rodríguez López publicou en *El Progreso* de Lugo, en 1915,

Fóra do campo estritamente literario, Rodríguez López publica *Estudio psicológico de la mujer lucense* (Lugo, 1897), *Defensa de las feas. Estudio social* (Madrid, 1898) e *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Este último libro, que lle provocou moitos desgustos, foi presentado, co título *Ligeros apuntes sobre las supersticiones de Galicia*, a un certame literario organizado en Monforte de Lemos por iniciativa dos escolapios en 1895. Rodríguez López, ó saber que o seu traballo non se admitía no concurso, decidiu publicalo con certa rapidez para poder vendelo na vila cando se coñecese o resultado do premio, segundo conta no prólogo da segunda edición. O libro puxouse á venda, pero foi denunciado á autoridade eclesiástica e someteuse á censura com-

petente; tralo seu exame, ordenouse a súa retirada e a prohibición de lelo e reimprimilo. Non obstante, unha entrevista do autor co bispo Muruia foi suficiente para que se autorizase unha segunda tirada, que se imprimiu en Madrid no ano 1910.

(Anselmo Fraguas Fraguas)

RODRÍGUEZ DE LOSADA. Libaxe gala que porta como armas, en campo de ouro, un espío de sinople, o cal está armeado; leva froitos de goles e vai acompañado de cinco follas de alamo de sinople, que teñen forma de corazon. (Anselmo Fraguas Fraguas)




Rodríguez de Losada

RODRÍGUEZ MARQUINA. Paulino. Comerciante e escritor nado en Allanz (Ourense) o 16 de setembro de 1859. Con dez anos comezou a estudar no colexio de Escolas Pías de Celanova e os vinte entrhou a traballar nunha casa comercial de Ourense. En 1880 emigró á Arxentina e, logo de tres anos en Bos Aires, trasladouse a Tucumán, onde, ademais de continuar colaborando coa prensa bonaerense, fundou e dirixiu *El Figaro* e escribiu para *El Gil Blas* e *El Deber*. Dende as páxinas deste último defendeu a revolución que reclamaba a presidencia para Miguel Juárez Celman.

No ano 1887 foi nomeado xefe da Oficina de Estatística de Tucumán e, desde 1885, publicou *Anuario de Estadística de la Provincia de Tucumán* e *Boletín de la Sección de Trabajo*.

Faleceu en 1915 e entre as numerosas obras que conforman o seu legado bibliográfico cabe destacar os traballos históricos e estatísticos relativos a Tucumán (*Memoria descriptiva de la provincia de Tucumán*, *Influencia de la inmigración europea en el adelanto industrial de Tucumán...*), outros como *Pasado, presente y porvenir de la industria azucarera*, redactado en 1881 por encargo do Goberno brasileiro, e incluso dous novelas, *Mangore* (histórica) e *Viejos y virtudes de las clases obreras* (naturalista).

RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. José. Médico e escritor nado na Coruña en 1856, onde tamén faleceu en 1921. Realizou os estudos de bacharelato na súa cidade natal (1867-72) e licenciouse en Medicina, en 1880, pola Universidade de Santiago de Compostela, etapa trala que realizou unha



• *A cruz de salgueiro*, unha novela de Xesús Rodríguez López.